

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### REDONDELA

#### Subvencións e axudas

*BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS PARA O ALUMNADO DE CENTROS EDUCATIVOS DE ENSINO PÚBLICO DO CONCELLO DE REDONDELA, CURSO 2018-2019*

#### PREMIOS JULES VERNE (1828-1905) DE ENSINO

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS PARA ALUMNADO DE CENTROS EDUCATIVOS DE ENSINO PÚBLICO DO CONCELLO DE REDONDELA, PARA O CURSO ESCOLAR 2018-2019.*

#### Primeira. Definición

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión dos premios para alumnado de sexto curso de E. Primaria e para alumnado de E. Secundaria do centros de ensino público do Concello de Redondela, consistentes nun premio en metálico e un Diploma de honra para os gañadores e un premio en metálico para os segundos clasificados.

Con estes premios búscase darlle unha dimensión nova aos traballos académicos do alumnado, achegándoos ao resto da sociedade e facendo máis visibles os seus esforzos e resultados. É tamén un xeito de involucrar os mozos e mozas naquelas materias de estudo que os motivan á hora de planificar os traballos, cun obxectivo concreto, e que lles fan dedicar máis tempo a mellorar esas competencias e a tomar un novo grao de conciencia no referente ao que se pode conseguir cun bo traballo.

Búscase ademais, eficiencia na asignación e no reparto dos recursos existentes para incentivar o alumnado, e recoñecemento aos mellores traballos desenvolvidos no curso 2018-2019.

#### Segunda. Obxecto

O obxecto das presentes bases e convocatoria é o establecemento de dous premios:

- PREMIO de CIENCIAS para un traballo ou proxecto de calquera das materias de ciencias que se cursen nos niveis descritos na base primeira, é dicir, 6º de EP e todos os graos de ESO.
- PREMIO de INVESTIGACIÓN EN LINGUA GALEGA para un traballo académico orixinal en lingua galega que non superará 10 páxinas de extensión en formato papel, ou 15 minutos en formato audiovisual, tamén para os niveis descritos anteriormente.



Non se poderá concursar con informes de prácticas nin traballos similares.

Premiaranse os dous mellores traballos presentados en cada categoría.

### **Terceira. Importe do premio e compatibilidade.**

O galardón consistirá nun Diploma de honra para o primeiro clasificado de cada categoría e unha cantidade en metálico para os dous traballos premiados en cada categoría, de acordo coa táboa do anexo I.

O crédito global que se dispón para o outorgamento destes premios, será de 2.000,00 euros, con cargo á partida orzamentaria do vixente orzamento municipal.

O pagamento realizarase por medio dunha transferencia bancaria ao número de conta que se indique mediante a certificación do número de conta bancaria expedido pola entidade financeira de cada un dos participantes que resultaran premiados unha vez publicada a Resolución da Alcaldía de concesión dos premios de referencia, e a entrega de diplomas efectuarase nun acto público organizado polo Concello de Redondela e máis a comunidade educativa.

Os traballos premiados poderanse presentar a outras convocatorias realizadas dentro do ámbito da Comunidade Autónoma ou ben a calquera outro convocado dentro do Estado.

### **Cuarta. Requisitos**

Será condición indispensable para optar aos presentes premios ser alumno ou alumna de Sexto curso de E. Primaria ou de E. Secundaria Obrigatoria de calquera centro educativo público do Concello de Redondela.

Tamén será requisito indispensable que os grupos de traballos estean baixo a tutela, coordinación e responsabilidade dun ou varios profesores dos centros e estarán vinculados ao centro, realizándose os mesmos dentro do horario lectivo do centro.

Os traballos presentaranse en lingua galega.

### **Quinta.—Características dos traballos**

#### **1.—TRABALLO DE CIENCIAS**

- Por cada centro poderán concursar ata un máximo de catro traballos.
- O traballo pode realizarse individualmente.
- O traballo poderá ser realizado en equipo, ata un máximo de 5 membros.
- Consistirá en desenvolver modelos teóricos e/ou prácticos dalgún dos temas das áreas de ciencias que se estuden nos niveis que concorren aos premios.



Luns, 4 de marzo de 2019

Núm. 44

**2.—TRABALLO DE INVESTIGACIÓN EN LINGUA GALEGA:**

- Por cada centro poderán concursar ata un máximo de catro traballos.
- O traballo pode realizarse individualmente.
- O traballo poderá ser realizado en equipo, ata un máximo de 5 membros.
- Consistirá nun traballo escrito orixinal, en lingua galega, ou un traballo en formato audiovisual, no que se faga un labor de investigación e/ou innovación no tratamento da lingua, co obxectivo de mellorar a competencia lingüística e favorecer a convivencia e o uso do galego no ámbito académico no noso Concello.

No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados acada un nivel axeitado, poderanse declarar os premios desertos.

Tamén existe a posibilidade de outorgar os premios a varios traballos ex aequo; neste caso o importe do premio repartirase a partes iguais.

**Sexta.—Documentación**

Os traballos que se queiran presentar a concurso faranse chegar ao Concello no prazo indicado, xunto cunha instancia dirixida ao Concello de Redondela, coa que achegarán a seguinte documentación:

1) A solicitude, que virá presentada baixo un pseudónimo, acompañada dun sobre pechado no que figurará:

a) Nome e apelidos, domicilio, teléfono, correo electrónico dos participantes e sinatura de todos os participantes.

b) Unha copia do DNI de cada un deles, no caso de non dispoñer, o da nai, pai ou titor.

c) Centro escolar no que cursan os estudos.

d) Nome dos docentes que participaron e titorizaron o traballo que se presenta.

Este sobre non se abrirá ata que os traballos estean valorados polo xurado.

2) No caso do traballo de ciencias, unha breve explicación do que se presenta, en formato papel (máximo 1 folio por unha cara e a dobre espazo), que acompañará ao sobre pechado.

No caso do traballo de investigación en lingua galega, ademais do traballo en si en formato papel, unha copia en formato dixital (.doc, .odt, rtf).

A presentación da solicitude para participar nesta convocatoria supón a aceptación incondicionada destas bases.

Poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Redondela en horario de Rexistro de Entrada (09:00 a 14:00 horas), ou nos lugares que sinala o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Luns, 4 de marzo de 2019

Núm. 44

**Sétima.—Prazos de solicitude**

Estas bases e convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de Redondela, no taboleiro electrónico e no Boletín Oficial da Provincia. O prazo para a presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 22 de abril de 2019.

**Oitava. Criterios obxectivos**

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concorrencia competitiva, polo que a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas coa finalidade de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases e adxudicar os premios segundo as valoracións.

*VALORACIÓN DOS TRABALLOS:*

Traballo de Ciencias: Máximo 12 puntos.

Criterio de orixinalidade e innovación ate 4 puntos

Criterio de calidade do acabado e presentación. » 2 puntos

Criterio de uso de materiais reciclados. » 3 puntos

Criterio de aplicabilidade que representa o traballo. » 3 puntos

Traballo de investigación de Lingua Galega: Máximo 12 puntos.

Criterio de orixinalidade. ate 2 puntos

Criterio de presentación » 2 puntos

Criterio de calidade no uso do idioma e riqueza idiomática » 2 puntos

Criterio de nivel de innovación no uso do idioma. » 3 puntos.

Criterio de valor literario ou artístico. » 3 puntos.

**Novena.—Xurado**

O xurado que avaliará os traballos presentados, estará composto por:

**PRESIDENTE:** a Concelleira de Ensino ou quen sexa designado por resolución expresa da Alcaldía.

**4 VOGAIS:** Profesores/as do ensino público, como mínimo un de ciencias e outro de lingua galega, que desenvolvan as súas actividades nos centros do Concello de Redondela.



Luns, 4 de marzo de 2019

Núm. 44

SECRETARIO: con voz e sen voto, que será a/o funcionaria/o do servizo de Ensino do Concello de Redondela ou quen sexa designado por resolución expresa da Alcaldía.

### **Décima.—Resolución**

Logo da avaliación dos traballos que farán os representantes do profesorado, elevarán a súa proposta ao Tribunal, quen resolverá os premios concedidos. O Secretario do mesmo recollerá en acta a resolución adoptada.

O Alcalde-Presidente do Concello de Redondela, e segundo o resultado ditaminado polo Tribunal, formulará, mediante Resolución da Alcaldía, a concesión dos premios de referencia.

A resolución será publicada no taboleiro de editos e na páxina web do Concello de Redondela, así como notificada aos beneficiarios. O prazo para resolver o procedemento de concesión dos premios será de tres meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes para tomar parte na convocatoria.

### **Décimo primeira.—Recursos**

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998.

### **Décimo segunda.—Obrigas e dereitos dos beneficiarios**

A/s persoa/s beneficiaria/s dos galardóns farán depósito dos seus traballos no Concello de Redondela durante un prazo de tres meses, dende a data na que se faga efectivo o galardón, que pode coincidir ou non coa data da gala de entrega dos premios, a partir do cal, poderán proceder a retiralos.



O Concello fará exposición durante ese mes dos traballos premiados, nun lugar destacado de calquera das dependencias municipais, así como a divulgación do nome do/s gañador/es ou beneficiario/s nos medios habituais e dos seus traballos. Os beneficiarios deberán colaborar, dentro do posible e sempre que non lles supoña prexuízo ningún, coa divulgación dos galardóns.

Os beneficiarios teñen que estar presentes na gala de entrega dos premios.

### **Décimo terceira.—Publicidade do procedemento da concesión dos premios**

A concesión dos premios publicárase na páxina web do Concello de Redondela e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. (Así mesmo cando algunha das subvencións concedidas a un beneficiario sexa superior a 3.000,00 euros procederáse á publicación no Diario Oficial de Galicia e no Boletín oficial da Provincia dun extracto do acordo de concesión das subvencións, indicando os lugares onde se atopa exposto o seu contido íntegro). En todo caso, o acordo de concesión será exposto durante 30 días no Taboleiro de Anuncios do Concello, onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, os beneficiarios, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

### **Décimo cuarta.—Protección de datos**

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases reguladoras e convocatoria da subvención para a concesión de premios para alumnado de centros educativos de ensino público do Concello de Redondela, para o curso escolar 2018-2019”

De conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: [dpd@redondela.gal](mailto:dpd@redondela.gal)

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)).



**TÁBOA ANEXO I**  
**PREMIOS EN METÁLICO PARA AS DÚAS MODALIDADES**  
*PREMIOS (MÁXIMO CINCO MEMBROS):*

	<i>1º PREMIO</i>	<i>2º PREMIO</i>
INDIVIDUAL	120	75
DOUS MEMBROS	240	150
TRES MEMBROS	360	225
CATRO MEMBROS	480	300
CINCO MEMBROS	600	375

**PREMIOS JULES VERNE (1828-1905) DE EDUCACIÓN**

*BASES REGULADORAS Y CONVOCATORIA DE LA SUBVENCIÓN PARA LA CONCESIÓN DE PREMIOS PARA ALUMNADO DE CENTROS EDUCATIVOS DE EDUCACIÓN PÚBLICA DEL CONCELLO DE REDONDELA, PARA EL CURSO ESCOLAR 2018-2019.*

**Primera. Definición**

Las presentes bases y convocatoria tienen por objeto establecer los criterios y el procedimiento para la concesión de los premios para alumnado de sexto curso de E. Primaria y para alumnado de E. Secundaria de los centros de educación pública del Concello de Redondela, consistentes en un premio en metálico y un Diploma de honor para los ganadores y un premio en metálico para los segundos clasificados.

Con estos premios se busca darle una dimensión nueva a los trabajos académicos del alumnado, acercándolo al resto de la sociedad y haciendo más visibles sus esfuerzos y resultados. Es también un modo de involucrar a los chicos y chicas en aquellas materias de estudio que los motivan a la hora de planificar los trabajos, con un objetivo concreto, y que les hacen dedicar más tiempo a mejorar esas competencias y a tomar un nuevo grado de conciencia en lo referente a lo que se puede conseguir con un buen trabajo.

Se busca además, eficiencia en la asignación y en el reparto de los recursos existentes para incentivar el alumnado, y reconocimiento a los mejores trabajos desarrollados en el curso 2018-2019.

**Segunda. Objeto**

El objeto de las presentes bases y convocatoria es el establecimiento de dos premios:

- PREMIO de CIENCIAS para un trabajo o proyecto de cualquier materia de ciencias que se cursen en los niveles descritos en la base primera, es decir, 6º de EP y todos los grados de ESO.



- PREMIO de INVESTIGACIÓN EN LENGUA GALLEGA para un trabajo académico original en lengua gallega que no superará 10 páginas de extensión en formato papel, o 15 minutos en formato audiovisual, también para los niveles descritos anteriormente.

No se podrá concursar con informes de prácticas ni trabajos similares.

Se premiarán los dos mejores trabajos presentados en cada categoría.

### **Tercera. Importe del premio y compatibilidad**

El galardón consistirá en un Diploma de honor para el primer clasificado de cada categoría y una cantidad en metálico para los dos trabajos premiados en cada categoría, de acuerdo con la tabla del anexo I.

El crédito global del que se dispone para el otorgamiento de estos premios será de 2.000,00 euros, con cargo a la partida presupuestaria del vigente presupuesto municipal.

El pago se realizará por medio de una transferencia bancaria al número de cuenta que se indique mediante certificación del número de cuenta bancaria expedido por la entidad financiera de cada uno de los participantes que hayan resultado premiados una vez se publique la Resolución de la Alcaldía de concesión de los premios de referencia, y la entrega de diplomas se efectuará en un acto público organizado por el Concello de Redondela y la comunidad educativa.

Los trabajos premiados se podrán presentar a otras convocatorias realizadas dentro del ámbito de la Comunidad Autónoma o bien a cualquier otro convocado dentro del Estado.

### **Cuarta. Requisitos**

Será condición indispensable para optar a los presentes premios ser alumno o alumna de Sexto curso de E. Primaria o de E. Secundaria Obligatoria de cualquier centro educativo público del Concello de Redondela.

También será requisito indispensable que los grupos de trabajo estén bajo la tutela, coordinación y responsabilidad de uno o varios profesores de los centros y estarán vinculados al centro, realizándose los mismos dentro del horario lectivo del centro.

Los trabajos se presentarán en lengua gallega.

### **Quinta.—Características de los trabajos**

#### **1.—TRABAJO DE CIENCIAS.**

- Por cada centro podrán concursar hasta un máximo de cuatro trabajos.
- El trabajo se puede realizar individualmente.
- El trabajo podrá ser realizado en equipo, hasta un máximo de 5 miembros.





Luns, 4 de marzo de 2019

Núm. 44

- Consistirá en desenvolver modelos teóricos y/o prácticos de alguno de los temas de las áreas de ciencias que se estudien en los niveles que concurren a los premios.

## 2.—TRABAJO DE INVESTIGACIÓN EN LENGUA GALLEGA:

- Por cada centro podrán concursar hasta un máximo de cuatro trabajos.
- El trabajo se puede realizar individualmente.
- El trabajo podrá ser realizado en equipo, hasta un máximo de 5 miembros.
- Consistirá en un trabajo escrito original, en lengua gallega, o un trabajo en formato audiovisual, en el que se haga una labor de investigación y/o innovación en el tratamiento de la lengua, con el objetivo de mejorar la competencia lingüística y favorecer la convivencia y el uso del gallego en el ámbito académico en nuestro Concello.

En caso de que el jurado considere que ningún trabajo presentado alcance un nivel mínimo, se podrá declarar el premio desierto.

También existe la posibilidad de otorgar los premios a varios trabajos ex aequo; en este caso el importe del premio se repartirá a partes iguales.

### Sexta.—Documentación

Los trabajos que se quieran presentar a concurso se harán llegar al Concello en el plazo indicado, junto con una instancia dirigida al Concello de Redondela, con la que adjuntarán la siguiente documentación:

1) La solicitud, que vendrá presentada bajo un pseudónimo, acompañada de un sobre cerrado en el que figurará:

a) Nombre y apellidos, domicilio, teléfono, correo electrónico de los participantes y firma de todos los participantes.

b) Una copia del DNI de cada uno de ellos, en el caso de no disponer, el de la madre, padre o tutor.

c) Centro escolar en el que cursan los estudios.

d) Nombre de los docentes que participaron y tutorizaron el trabajo que se presenta.

Este sobre no se abrirá hasta que los trabajos estén valorados por el jurado.

2) En el caso del trabajo de ciencias, una breve explicación de lo que se presenta, en formato papel (máximo 1 folio por una cara y a doble espacio), que acompañará al sobre cerrado.

En el caso del trabajo de investigación en lengua gallega, además del trabajo en sí en formato papel, una copia en formato digital (.doc, .odt, .rtf).



Luns, 4 de marzo de 2019

Núm. 44

La presentación de la solicitud para participar en esta convocatoria supone la aceptación incondicionada de estas bases.

Podrá presentarse en el Registro General del Concello de Redondela, en horario del Registro de Entrada (09:00 a 14:00 horas), o en los lugares que señala el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, del 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

### **Séptima.—Plazos de solicitud**

Estas bases y convocatoria se publicarán en la página web del Concello de Redondela, en el tablón electrónico y en el Boletín Oficial da Provincia. El plazo para la presentación de solicitudes comenzará a partir del día siguiente al de la publicación del extracto de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia y finalizará el 22 de abril de 2019.

### **Octava. Criterios objetivos**

El procedimiento de otorgamiento de estas subvenciones es el de concurrencia competitiva, por lo que su concesión se realizará mediante la comparación de las solicitudes presentadas con la finalidad de establecer una prelación entre ellas de acuerdo con los criterios de valoración previamente fijados en estas bases y convocatoria y adjudicar los premios según las valoraciones.

#### *VALORACIÓN DE LOS TRABAJOS:*

Trabajo de Ciencias: Máximo 12 puntos.

Criterio de originalidad e innovación	hasta 4 puntos
Criterio de calidad del acabado y presentación	» 2 puntos
Criterio de uso de materiales reciclados	» 3 puntos
Criterio de aplicabilidad que representa el trabajo	» 3 puntos
Trabajo de investigación de Lengua Gallega: Máximo 12 puntos.	
Criterio de originalidad	hasta 2 puntos
Criterio de presentación	» 2 puntos
Criterio de calidad en el uso del idioma y riqueza idiomática	» 2 puntos
Criterio de nivel de innovación en el uso del idioma	» 3 puntos.
Criterio de valor literario y artístico	» 3 puntos.



Luns, 4 de marzo de 2019

Núm. 44

**Novena.—Jurado**

El jurado que evaluará los trabajos presentados, estará compuesto por:

**PRESIDENTE:** la Concejala de Educación o quien sea designado por resolución expresa de Alcaldía.

**4 VOCALES:** Profesores/as de enseñanza pública, como mínimo uno de ciencias y otro de lengua gallega, que desarrollen sus actividades en los centros del Concello de Redondela.

**SECRETARIO:** con voz y sin voto, que será el/la funcionario/a del servicio de Educación del Concello de Redondela o quien sea designado por resolución expresa de Alcaldía.

**Décima.—Resolución**

Después de la evaluación de los trabajos que harán los representantes del profesorado, elevarán su propuesta al Tribunal, quien resolverá los premios concedidos. El Secretario del mismo recogerá en acta la resolución adoptada.

El Alcalde-Presidente del Concello de Redondela, y según el resultado dictaminado por el Tribunal, formulará, mediante Resolución de la Alcaldía, la concesión de los premios de referencia.

La resolución se publicará en el tablón de edictos y en la página web del Concello de Redondela, así como notificada a los beneficiarios. El plazo para resolver el procedimiento de concesión de los premios será de tres meses contados a partir del día siguiente a la fecha de finalización del plazo de presentación de solicitudes para tomar parte en la convocatoria.

**Décimo primera.—Recursos**

Contra este acuerdo, que agota la vía administrativa, podrá interponerse recurso potestativo de reposición, ante el mismo órgano que dictó el acto, en el plazo de un mes desde el día siguiente al de su notificación, de acuerdo con lo establecido en el artículo 124.1 de la Ley 39/2015, del 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, o bien directamente recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado Contencioso-Administrativo de Vigo, dentro del plazo de dos meses contados desde el día siguiente al de su notificación, de conformidad con los artículos 8.1 y 46.1 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción Contencioso-Administrativa.

De interponerse el recurso potestativo de reposición, este se resolverá y notificará en el plazo de un mes según establece el artículo 124.2 de la citada Ley 39/2015, entendiéndose desestimado el recurso de reposición tras el transcurso del mencionado plazo sin resolución expresa notificada, pudiendo entonces las personas interesadas interponer recurso contencioso-administrativo dentro del plazo de seis meses contados desde el día siguiente a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado el recurso de reposición interpuesto, de acuerdo con el artículo 46.1 y 4 de la Ley 29/1998.



**Décimo segunda.—Obligaciones y derechos de los beneficiarios**

La/s persona/s beneficiaria/s de los galardones harán depósito de sus trabajos en el Concello de Redondela durante un plazo de tres meses, desde la fecha en la que se haga efectivo el galardón, que puede coincidir o no con la fecha de la gala de entrega de los premios, a partir de lo cual, podrán proceder a retirarlos.

El Concello hará exposición durante ese mes de los trabajos premiados, en un lugar destacado de cualquiera de las dependencias municipales, así como la divulgación del nombre de/los ganador/es o beneficiario/s en los medios habituales y de sus trabajos. Los beneficiarios deberán colaborar, dentro de lo posible y siempre que no les suponga ningún perjuicio, con la divulgación de los galardones.

Los beneficiarios tienen que estar presentes en la gala de entrega de los premios.

**Décimo tercera.—Publicidad del procedimiento de la concesión de los premios**

La concesión de los premios se publicará en la página web del Concello de Redondela y en el Tablón de Anuncios de la Casa del Concello. (Así mismo, cuando alguna de las subvenciones concedidas a un beneficiario sea superior a 3.000,00 euros se procederá a la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de un extracto de acuerdo de concesión de las subvenciones, indicando los lugares donde se encuentra expuesto y su contenido íntegro). En todo caso, el acuerdo de concesión será expuesto durante 30 días en el Tablón de Anuncios del Concello, donde se recogerá la convocatoria, el crédito presupuestario, los beneficiarios, la cantidad concedida y la finalidad o finalidades de la subvención.

**Décimo cuarta.—Protección de datos**

Legitimación del Concello para el tratamiento de datos personales: Ordenanza General de Subvenciones del Concello de Redondela publicada en el Boletín Oficial de la Provincia nº 99 del 23 de mayo de 2008 y Bases Reguladoras y Convocatoria de la Subvención para la concesión de premios para alumnado de centros educativos de educación pública del Concello de Redondela, para el curso escolar 2018-2019”.

De conformidad con lo establecido en el Reglamento 2016/679 del 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos, le informamos de que este Concello es responsable del tratamiento y guardia de los datos aportados en la instancia y en la documentación que le acompaña. La finalidad del tratamiento de los datos es la gestión de este procedimiento.

Los datos personales no serán comunicados a un tercero, a no ser que deban facilitarse en cumplimiento de una obligación legal.

Los datos serán conservados el tiempo necesario para poder llevar a cabo el registro y las acciones para las que se le solicitó el consentimiento.



Luns, 4 de marzo de 2019

Núm. 44

Puede retirar el consentimiento, en el caso de que lo otorgara, en cualquiera momento, pudiendo ejercitar sus derechos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición y potabilidad, cuando este último legalmente proceda, enviando una comunicación al domicilio electrónico: [dpd@redondela.gal](mailto:dpd@redondela.gal)

Así mismo, se le informa del derecho para presentar una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid ([www.agpd.es](http://www.agpd.es))

**TABLA ANEXO I**  
**PREMIOS EN METÁLICO PARA LAS DOS MODALIDADES**  
*PREMIOS (MÁXIMO CINCO MIEMBROS):*

	<i>1º PREMIO</i>	<i>2º PREMIO</i>
INDIVIDUAL	120	75
DOS MIEMBROS	240	150
TRES MIEMBROS	360	225
CUATRO MIEMBROS	480	300
CINCO MIEMBROS	600	375

